



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN Nº 1, CELEBRADA PARA A APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS (SILEX), PRESENTADOS POLAS EMPRESAS QUE CONCORREN Á LICITACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA”

Rematado o pasado día **01/03/2021**, ás 14.00 horas, o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de licitación *aberto simplificado* para a contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA” (Expte. contratación nº 4497/2020), financiadas pola Excma. Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos 2018-2019 (Anualidade 2019), o día **04/03/2021**, reúnese a Mesa de Contratación integrada polo Concelleiro Delegado de Obras e Servizos, D. Samuel Lago Ozón, o Secretario Municipal, D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, a Interventora municipal, D^a Paula Cacabelos Otero, o Arquitecto Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares e a funcionaria do Servizo de Contratación, D^a Mar Mondragón Treviño, co obxecto de proceder a aperturar os sobres (*archivos electrónicos SILEX*) das empresas que toman parte no mencionado procedemento.

Datos do contrato:		
Expte. Deputación: 2018059055.	Expte. Subv.: 1110/2018	Expte. Contratación: 4497/2020
Tipo de contrato: OBRAS.		
Obxecto do contrato: PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA.		
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.		
Tramitación: Ordinaria.		
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas. 45232410-9 Obras de saneamento. 45232130-2 Traballos de construción de canalizacións de augas pluviais. 34928400-2 Mobiliario urbano.		
Prezo estimado: 127.323,93 €		IVE: 26.738,02 €
Orzamento base de licitación: 154.061,95 €		
Duración: 3 MESES		

1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS.

SILEX. REXISTRO DE OFERTAS. Procédese a dar conta seguidamente da certificación de presentación de ofertas electrónicas a través do Rexistro de Ofertas, expedida polo SILEX, que queda unida ao expediente de contratación 4497/2020 e na que constan as empresas seguintes:

1	ACEVI, S.L.
2	ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
4	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
5	CONST. Y OBRAS XURSAN, S.L.
6	CONST. Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.
7	COVSA
8	CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.







9	DESMACO, S.L.U.
10	EXCAVACIONES Y CONST. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
11	MARCONSA, S.L.
12	NAROM, S.L.
13	OCISAT, S.L.
14	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.
15	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
16	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: http://conselleriadefacenda.es/silex	
Código seguro de verificación	
Data de emisión do certificado	01/03/2021 14:10

Así mesmo indícase, en relación coa oferta da empresa “CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.”, que figura no mencionado Rexistro de Ofertas da ferramenta SILEX como **non presentada**.

Ofertas non presentadas			
Licitador	Número documento	Data de rexistro	Accións
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	B36.	--	 

Ofertas rexistradas no Sistema

Non se atoparon resultados

2º.- SILEX.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN.

2.1.- COMPROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES ANEXO I. Procédese seguidamente a comprobar no **SILEX**, a constancia das declaracións responsables (ANEXO I) presentadas polas empresas:

		CONSTANCIA
1	ACEVI, S.L.	Consta
2	ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	Consta
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	Consta
4	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	Consta
5	CONST. Y OBRAS XURSAN, S.L.	Consta
6	CONST. Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.	Consta
7	COVSA	Consta
8	CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.	Consta
9	DESMACO, S.L.U.	Consta
10	EXCAVACIONES Y CONST. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	Consta
11	MARCONSA, S.L.	Consta
12	NAROM, S.L.	Consta
13	OCISAT, S.L.	Consta
14	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.	Consta





15	SOEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	Consta
16	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	Consta
■	Quedan unidas ao expediente de contratación 4497/2020 as declaracións formuladas.	

A Mesa de Contratación comprobada a documentación administrativa aportada polos licitadores, por unanimidade, **acorda** admitir ao procedemento de contratación a tódalas empresas relacionadas no cadro anterior.

2.2.- TRANSCRICIÓN DA CLÁUSULA 13 DO PREGO. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

“...13.Criterios para a adxudicación do contrato

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se expresan :

▶ Prezo.
▶ Ampliación do prazo de garantía.
▶ Redución do prazo de execución.

A **ponderación** realizarase atendendo ás seguintes regras:

A) Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de **10 PUNTOS** á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.

B) Con respecto á ampliación do prazo de garantía, aplicarase un valor de **3 PUNTOS** respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

C) Con respecto á redución do prazo de execución do contrato, establecido en 3 meses (90 días naturais) con presentación dun diagrama de Gantt e un gráfico de Pert, aplicarase un valor de **1 PUNTO** respectivamente, á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

En caso de empate terán preferencia os licitadores con maior puntuación no apartado de baixa económica e, de persistir, o contrato adxudicarase á oferta cunha maior baixa redución do prazo de execución.

En caso de persistir terán preferencia as empresas que teñan na súa plantilla unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

En caso de manterse, o empate resolverase mediante sorteo público...”

2.3.- TRANSCRICIÓN DA CLÁUSULA 15 DO PREGO. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

“...15.Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia nun prazo de cinco días hábiles ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.


c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.

e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:





Prezo
1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais .
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

Prazo de Execución
Cando a oferta sexa igual ou inferior en máis de 1/3 á media dos prazos ofertados polos restantes concorrentes ou, no seu defecto, do prazo inicialmente previsto.

2.4.- APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS:

Seguidamente procédese á apertura das ofertas económicas presentadas polas empresas:

Orzamento estimado	127.323,93
21% IVE	26.738,02
Orzamento base de licitación.	154.061,95
-Ampliación do prazo de garantía (segundo Anexo II) Non se terá en conta a ampliación do prazo de garantía por enriba dos tres anos (Un ano establecido polo prego e dous anos mais ofertables polas empresas).	
Prazo execución en proxecto: 3 meses. Redución do prazo de execución (segundo Anexo II). Non se serán en conta as ofertas que non aporten o diagrama de Gant e o gráfico de Pert.	

	Prezo	IVE	Prezo total ofertado	Baixa ofertada	Garantía ofertada	Prazo execución
1 ACEVI, S.L./	126.270,44	26.516,79	152.787,23	1.274,72	1+2	30 días
2 ASFAGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	114.082,24	23.957,27	138.039,51	16.022,44	1+2	90 días
3 CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	116.590,52	24.484,01	141.074,53	12.987,42	1+2	45 días
4 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	115.228,15	24.197,91	139.426,06	14.635,89	1+2	60 días
5 CONST. Y OBRAS XURSAN, S.L.	124.777,45	26.203,26	150.980,71	3.081,24	1+2	90 días
6 CONST. Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.	109.498,58	22.994,70	132.493,28	21.568,67	1+1	70 días
7 COVSA	123.847,99	26.008,08	149.856,07	4.205,88	1+2	60 días
8 CONST. E INGENIERÍA MESSI, S.L.	111.153,79	23.342,30	134.496,09	19.565,86	1+2	75 días
9 DESMACO, S.L.U.	127.323,93	26.738,02	154.061,95	0,00	0	90 días
10 EXC. Y CONST. PÉREZ PORTELA, S.L.	111.204,72	23.352,99	134.557,71	19.504,24	1+2	60 días
11 MARCONSA, S.L.	105.131,37	22.077,59	127.208,96	26.852,99	1+2	30 días
12 NAROM, S.L.	104.214,63	21.885,07	126.099,70	27.962,25	1+2	44 días
13 OCISAT, S.L.	126.687,30	26.604,33	153.291,63	770,32	1+2	45 días
14 ROCAS GRANÍTICAS CONDADO, S.L.	118.000,00	24.780,00	142.780,00	11.281,95	1+2	60 días
15 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. (*)	114.000,00	23.940,00	137.940,00	16.121,95	1+2	30 días
16 ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	104.405,62	21.925,18	126.330,80	27.731,15	1+2	60 días





* Por erro a empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. indica no Anexo II, que concorre á licitación das obras “*Reparación da cuberta e outras obras menores na Biblioteca Municipal*”, polo que deberá proceder á súa subsanación.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder un prazo de 3 días hábiles, á empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., para que proceda á subsanación do Anexo II, no sentido que se recolle no cadro anterior.

Segundo.- Que se emita polo técnico municipal informe relativo ao cálculo das proposicións incursas en presunción de anormalidade ou, no seu defecto, informe de proposta de adxudicación de acordo cos criterios e puntuacións establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- A presente Acta da Mesa de Contratación publicarase na Plataforma de Contratos de Galicia e na páxina WEB, enlazada co Portal de Transparencia do Concello.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, estendéndose a presente Acta que asina electronicamente a funcionaria do Servizo de Contratación e o Concelleiro Delegado de Obras e Servizos.

